

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2012. Nº 10/2012.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.(P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO. (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ. (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ. (PGD)

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**INDICE:**

1.- Solicitud dos concelleiros do PSdeG-PSOE, BNG e PGD demandando o estudo e investigación das obras de ampliación do Auditorio Municipal.....páx. 3

=====

Sendo as catorce horas do día 3 de agosto de 2012, venres, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

Actúa como Secretario o funcionario *D. Jorge García Fernández*; tamén asiste a interventora *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do *Sr. Presidente* e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- SOLICITUDE DOS CONCELEIROS DO PSDEG-PSOE, BNG E PGD DEMANDANDO O ESTUDO E INVESTIGACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL.**

A **Presidencia** deu conta desta solicitude de convocatoria de pleno de carácter extraordinario dos concelleiros *D. Camilo Conde López*, *D. Xesús Cordeiro Budiño*, *D. Cristobal Fernández Vázquez*, *D. Manuel González Aller*, *D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias*, *D. Francisco Pérez Donsión* e *D. José Luis Sucasas Fernández* de data 26 de xullo de 2012 con entrada no rexistro municipal o día 30 de xullo de 2012 e número de rexistro 4842.

Desde o grupo socialista, *D. Manuel M<sup>a</sup>. González Aller* sinalou que unha vez convocado este pleno extraordinario, cando foron a revisar os expedientes, atopáronse con que non había ningunha documentación a disposición dos concelleiros integrantes do pleno. Por ese motivo, solicitaron por escrito que se deixe sen efecto a convocatoria do presente pleno extraordinario.

O **Sr. Alcalde** expresou que el se comprometera coa oposición a aceptar dúas mocións por grupo municipal en cada pleno ordinario, para evitar a convocatoria de plenos extraordinarios. E sen embargo, agora solicitaban a convocatoria deste pleno, cando o asunto podía vir na vindeira sesión ordinaria.

Polo grupo municipal de BNG, *D. Xesús Cordeiro Budiño* manifestou que era unha simple cuestión de forma, fose a un pleno ou a outro, pero que en todo caso, os concelleiros solicitantes deste pleno tiñan dereito a examinar toda a documentación.

**En consecuencia, ante a falta da documentación, por UNANIMIDADE dos asistentes, que supoñen os vinteún concelleiros, o Pleno da Corporación acordou deixar pendente de estudio a cuestión solicitada e levala como moción na vindeira sesión plenaria que se celebrará, presumiblemente, o día 6 de setembro de 2012.**

E non habendo outros asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta minutos do mesmo día en que comezou, levantouse a sesión polo Sr. Presidente. De todo iso, pola miña condición de Secretario Accidental, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde-Presidente